

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario.

Advertido erro no texto do citado Decreto 266/2002, publicado no DOG nº 179, do martes 17 de setembro de 2002, cómpre face-la seguinte corrección:

No artigo 8.1º, onde di: «Os profesores asociados serán contratados con carácter temporal por un período de dous anos», debe dicir: «Os profesores asociados serán contratados con carácter temporal por un período máximo de dous anos».

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Corrección de erros.-Decreto 294/2002, do 17 de outubro, polo que se constitúe e regula a composición e as funcións do Consorcio Audiovisual de Galicia.

Advertidos erros no citado decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 208, do 28 de outubro de 2002, cómpre face-las oportunas correccións:

No artigo único, punto 3, onde di: «As partes consorciadas formalizarán a acta constitutiva e nomearán os seus representantes nos órganos de decisión», debe dicir: «As partes consorciadas designarán seus representantes no Consello de Dirección».

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 8 de novembro de 2002 pola que se convoca o I Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación.

O desenvolvemento científico e tecnolóxico é un dos factores de maior influencia na configuración

do mundo contemporáneo. Nesta liña, a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento está a impulsar actividades mediante as que se intenta divulgar e facilita-la comprensión do que significa este desenvolvemento.

Entre estas actuacións e ó abeiro do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 14 de marzo de 2002, a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento convoca a primeira edición do Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación. O galardón, que nace este ano coincidindo coa celebración da Semana da Ciencia en Galicia, ten como finalidade estimular-la produción de textos xornalísticos especializados en materia científica e de investigación e desenvolvemento.

En consecuencia co anteriormente exposto, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócase a primeira edición do Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación, para os xornalistas que traballan para medios de comunicación da Comunidade Autónoma de Galicia. Este premio está destinado a estimular-la produción de textos xornalísticos especializados en materia científica.

Artigo 2º.-Dotación económica.

O premio ó que se refire o artigo primeiro estará dotado con 7.300 euros. Os gastos relativos á acción desta convocatoria imputaranse á aplicación orzamentaria 04.06.432A.480.0 dos orzamentos da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento para o ano 2003, cofinanciados con fondos do Fondo Social Europeo da Unión Europea. Ó premio aplicaráselle a correspondente retención fiscal.

Artigo 3º.-Condicións.

1. Poderán participar na presente convocatoria tódolos xornalistas que traballen para medios de comunicación da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os concursantes deberán presentar un traballo xornalístico de contido científico (preferentemente sobre temas de investigación e desenvolvemento) de calquera xénero informativo publicado ou emitido por medios de comunicación galegos, xa sexan en soporte escrito, audiovisual ou electrónico.

Os traballos terán que estar publicados durante o período no que estea aberto o prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.

3. O prazo de presentación de traballos será do 15 de novembro de 2002 ó 28 de febreiro de 2003.